

Profesionais da tradución cren que permitir o uso do galego no Congreso «corrixe unha incoherencia democrática»

"Parécenos un exercicio imprescindible para garantir a convivencia". Así se expresa Red Vértice —rede de asociacións de profesionais da tradución, interpretación e corrección en España— respecto da proposta de reforma do regulamento que se debate esta semana no Congreso para permitir o uso do galego, o éuscaro e o catalán na Cámara Baixa.

O colectivo entende que a proposta -impulsada por PSOE, Sumar, BNG, ERC, EH Bildu e PNV- "corrixe unha incoherencia democrática, contraria aos dereitos lingüísticos de moitas persoas".

"Utilizar o argumento de que supón un gasto superfluo porque todos os deputados e deputadas falan castelán resulta reduccionista e é contrario a eses dereitos lingüísticos", insiste o comunicado, que lembra que o orzamento da Cámara Baixa para 2023 ascende a máis de 110 millóns de euros, case a metade en gastos de persoal.

Como colectivo, consideran "de vital importancia" que o Congreso "protexa o patrimonio lingüístico de todo o territorio e garanta o dereito de expresión e o acceso á información en todas as linguas oficiais". "Será un exemplo máis na lista de numerosos parlamentos en todo o mundo nos que se usan varias linguas con normalidade, aínda existindo a posibilidade de usar unha lingua común", di.

Praza Pública. 18 de setembro de 2023 (adaptado)

Realiza un esquema das ideas principais do texto.

Logo dá a túa opinión argumentada sobre o texto. (250 palabras)

ESQUEMA

Debate sobre a proposta de uso das linguas cooficiais na Cámara Baixa

1. Proposta do PSOE, Sumar, BNG, ERC, EH Bildu e PNV
2. Comunicado de Red Vértice (Rede de tradutores, intérpretes e correctores)
 - 2.1. Consideran que garante a convivencia, corrixe desigualdades, protexe o patrimonio e garante o dereito de expresión.
 - 2.2. Hai quen o considera un gasto superfluo mais, argumentan, o congreso soporta outros moitos gastos de persoal
 - 2.3. Hai mais parlamentos plurilingües no mundo

OPINIÓN PERSOAL

O texto proposto ofrece un amplo argumentario a favor do plurilingüismo na Cámara Baixa. O principal deles é que, con esta posibilidade, se garanten dereitos lingüísticos de millóns de españois, ao tempo que se gaña en pluralidade democrática.

Na miña opinión, o uso de todas as linguas cooficiais no Congreso, é unha mostra de que a sociedade española é plural e, polo tanto, inmensamente rica. Que todas e todos poidamos gozar desa riqueza (neste caso lingüística) na voz dos nosos/as representantes será, sen dúbida, unha regalía.

Porén, hai voces en contra. Voces con argumentos falaces: como o suposto gasto na tradución, sen valorar os gastos xerais da institución para ponderar se este sumaría en exceso ou se resultaría de idéntica proporción a outros que, se cadra, se puidesen reducir, se do que se trata é de non aumentar o gasto xeral.

Tamén hai quen argumenta que, se todos se entenden en castelán, por que complicalos? Esquecen estes que, aínda que no Parlamento Europeo (por exemplo), a maioría dos eurodiputados fala en inglés, non é esta a lingua na que interveñen. Cada un usa a lingua do seu país, servíndose do servizo de tradución para garantir a comprensión. Negarlle ese mesmo dereito ao galego, éuscaro e catalán no Congreso español é un claro exemplo de prexuízo e discriminación lingüística.

En conclusión: España sae gañando coa aprobación desta proposta. Xa só queda que sexa unha máis a sumar na promoción e desenvolvemento pleno das linguas todas que nos rodean.